



Concello de Gondomar

BASES ESPECIFICAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A AXUDAR AOS SECTORES DA HOSTALERÍA, DO AUTOTAXI, E OUTRAS PEQUENAS EMPRESAS ANTE OS EFECTOS ECONÓMICOS DA COVID-19.

As presentes bases específicas, que rexerán a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva para os sectores da hostalería, do autotaxi, e outros sectores que se viran afectados e que cumpran os requisitos establecidos nesta convocatoria, estarán suxeitas á Lei 38/3003 do 12 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante LXS) e a o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, así como á Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que non contradiga ás disposicións anteriores.

A situación xerada pola evolución da COVID-19 obrigou as autoridades públicas a xestionar a crise sanitaria establecendo medidas para protexer a saúde e a seguridade que afectaron de forma directa ao noso tecido empresarial.

O obxecto das axudas reguladas nesta convocatoria é contribuír ao mantemento dos negocios, afectados pola pandemia, que representan unha parte esencial da economía, crecemento e desenvolvemento local.

A realidade socioeconómica pon de relevo que non só é importante dinamizar e tratar de que se cree o maior número de empresas posible senón tamén deseñar os mecanismos necesarios para que as empresas creadas poidan sobrevivir. Estas empresas son vitais para unha recuperación do emprego e esta debe ser unha prioridade fundamental.

Con respecto á competencia municipal para o establecemento deste tipo de liñas de subvencións, a Subdirectora Xeral de Réxime Xurídico Local, en informe emitido o 25/09/20 en resposta a petición formulada pola Deputación de A Coruña para a tramitación do programa PEL Reactiva indicou, entre outras cousas, o seguinte:

"... en principio non é competencia propia dos concellos o outorgamento deste tipo de axudas que teñen como beneficiarios a microempresas e persoas traballadoras por conta propia ou autónomas de cada concello convocante.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

... hai que ter en conta que o artigo 3.3. e) da Lei 5/2014, do 27 de maio, dispón que non se considera exercicio de novas competencias ... a realización de obras, axudas, adquisicións ou subministros de emerxencia a causa de acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten á seguridade pública.

En consecuencia, e aínda que as axudas propostas non se corresponden con competencias propias nin delegadas dos concellos, non existe obstáculo para que unha entidade local aprobe unha subvención de axuda destinada a paliar determinadas situacións económicas, sempre que estean motivadas e ligadas directamente cos feitos xustificativos do estado de alarma e teñan como prioridade limitar en todo o posible os efectos da crise provocada pola pandemia do coronavirus, e todo iso sempre que no expediente o propio concello acredite que non se pon en risco a sustentabilidade do conxunto da Facenda Municipal.”

Sobre a base destes antecedentes, formúlase a presente orde de axudas directas ao sector da hostalería, doutros pequenos negocios e do autotaxi.

1. OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Con carácter xeral, esta liña de axudas municipais busca paliar en parte a perda de ingresos dos sectores afectados pola crise da COVID-19, como pode ser hostalaría, autotaxi, aloxamentos turísticos, pequeno comercio, etc... derivada dunha menor actividade durante a pandemia, sufragando gastos correntes satisfeitos durante o ano 2020.

En primeiro lugar, as presentes bases teñen por obxecto, regular a convocatoria pública extraordinaria dunha achega económica para o sectores afectado polas restricións recollidas na Orde da Consellería de Sanidade do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 223-Bis, 04/11/20) e na Orde do 19 de xaneiro de 2021 pola que se modifica a Orde de 3 de decembro 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 11 Bis, 19/01/21).

En segundo lugar, estas bases establecen tamén outra achega económica para os taxistas con licenza municipal anterior ao 01/01/2021 para facer fronte á súa perda de servizos durante a limitación da mobilidade.

Ademais dos sectores da hostalería e autotaxi, o concello de Gondomar quere dar cabida a outras pequenas empresas que puideran ver resentida a súa actividade polas restricións COVID-19 como pode ser o pequeno comercio.


2. BENEFICIARIOS/AS

Poderán solicitar estas axudas as persoas integradas nos seguintes colectivos:

- Empresas do sector da hostalería (con calquera forma xurídica, incluídos/as empresarios/as individuais) que pechasen ou visen truncada a súa actividade temporalmente nos seus negocios establecidos en Gondomar, a partir da entrada en vigor das restricións establecidas nas Ordes da Consellería de Sanidade do 4 de novembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 223-Bis, 04/11/20) e na Orde do 19 de xaneiro de 2021, pola que se modifica a Orde de 3 de decembro 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Nº11-BIS DO 19/01/2021). Estas empresas terán que constar inscritas no Censo de Actividades Económicas no momento de publicación das citadas ordes da Consellería de Sanidade e atoparse incluídas no Código III.2.5 (establecementos de restauración) do Anexo III da orde do 4 novembro 2020 e no código III.2.5. (establecementos de restauración) do Anexo IV da orde do 19 xaneiro 2021.
- Taxistas con licenza municipal e domicilio fiscal do vehículo no Concello de Gondomar.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

- Pequenas empresas ou autónomos (a excepción de establecementos que contén con produtos de primeira necesidade (FARMACIAS, PARAFARMACIAS, SUPERMERCADOS, PANADERÍAS...) con domicilio fiscal no municipio de Gondomar que viran truncada a súa actividade laboral por mor da pandemia dende a publicación do DOG do 4 de novembro de 2020 e/ou do DOG do 19 de xaneiro de 2021. Enténdese por pequenas empresas con domicilio fiscal no municipio de Gondomar, as que contén con menos de 20 empregados) **Para ver as actividades obxecto desta subvención consultar o anexo I destas bases.**

3. FINANCIAMENTO

Para o exercicio 2021, o importe máximo ascenderá a 100.000,00 euros, de acordo coa consignación orzamentaria procedente da modificación orzamentaria na modalidade de crédito extraordinario financiado con remanente de Tesourería.

A información contable relativa á execución das distintas aplicacións orzamentarias de subvencións/axudas será exposta ao público trimestralmente no portal de transparencia na páxina web do Concello de Gondomar.

4. COMPATIBILIDADE

Para os/as autónomos/as, taxistas e empresas beneficiarias, esta axuda será compatible con calquera outra concedida polas distintas administracións públicas con competencia neste eido.

5. PRINCIPIOS DE XESTIÓN

A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

- Publicidade, concorrencia non competitiva, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Concellería de Emprego.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

- Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos. A concesión das subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario.

En aplicación dos principios de eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei de subvencións de Galicia e sendo unha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, as subvencións resolveranse por orde de rexistro de entrada das solicitudes presentadas. Non obstante, naqueles supostos en que se requirise aos solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou documentación presentada, entenderase por rexistro de entrada da solicitude presentada a data en que o dito requirimento estivese correctamente atendido.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da correspondente modificación orzamentaria.

O importe da subvención para cada colectivo é o seguinte:

Empresas e/ou autónomos/as do sector da hostalería que pechasen os seus negocios:

- Restaurantes e salóns de banquetes (epígrafes III.2.5.1 e III 2.5.1.1 do Anexo III da orde da Consellería de Sanidade) de ata 250m² de superficie: 1.000€ de axuda directa.
- Restaurantes e salóns de banquetes (epígrafes III.2.5.1 e III 2.5.1.1 do Anexo III da orde da Consellería de Sanidade) de máis de 250m² de superficie: 1.200€ de axuda directa.
- Cafeterías e bares (epígrafes III.2.5.2 e III 2.5.3 do Anexo III da orde da Consellería de Sanidade): 1.000€ de axuda directa.
- Taxistas: 100,00€ de axuda directa.
- Autónomos ou empresas pertencentes o sector do comercio polo miúdo co CNAE obxecto da subvención (ver anexo I) 300 € de axuda directa.

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

As solicitudes de subvención dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación das solicitudes será de 30 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Publicarase, así mesmo, no Portal de Transparencia, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Gondomar.

A solicitude de subvención deberá formularse nos modelos normalizados incluídos no anexos II a V, incorporados ás presentes bases específicas. Ademais deberá xuntarse a seguinte documentación:

AUTÓNOMOS/AS DO SECTOR DA HOSTALERÍA E DOUTRAS PEQUENAS EMPRESAS QUE VISEN AFECTADA A SÚA ACTIVIDADE NOS SEUS NEGOCIOS:

- DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante.
- Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Seguridade Social.
- Alta como autónomo na Seguridade Social (RETA) para comprobar o código CNAE
- Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Certificado de domicilio fiscal.
- Licenza de actividade municipal ou comunicación previa de actividade.
- Certificación de estar ao día das súas obrigas co Concello de Gondomar.
- Vida laboral.
- Certificado de existencia de conta bancaria.
- Declaración xurada (Anexo II) que conterá os seguintes apartados:

1. Que coñece e acepta integramente o contido das bases desta convocatoria, cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

2. Que perante a Seguridade Social, figura dado/a de alta como autónomo/a no eido da hostalería nun dos epígrafes que recollen estas bases ou no eido do pequeno comercio na listaxe do CNAE segundo o anexo I).
3. Que, dende a entrada en vigor das ordes da Consellería de Sanidade do 4 de novembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 223- bis, 04/11/2020) e/ou a Orde do 19 de xaneiro de 2021 pola que se modifica a Orde de 3 de decembro 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº11-Bis do 19/01/2021), procedeu ao peche temporal ou a modificación da súa actividade habitual do negocio do que titular e/ou cotitular.
4. Que dito negocio atópase situado en Gondomar.
5. Que solicita a achega directa da axuda que lle corresponde segundo os tramos establecidos nestas bases.
6. Que non está incurso/a en ningunha das circunstancias que prohiben obter a condición de persoa beneficiaria segundo o establecido nesta orde.
7. Que manterá a alta no seu réxime de Seguridade Social, por un mínimo de tres meses dende a recepción desta subvención.
8. Que comunicará de forma oficial ao Concello de Gondomar calquera modificación nos apartados anteriores.


O Concello comprobará de oficio a inexistencia de débedas con esta administración local, así como a existencia de licenza municipal ou comunicación previa de actividade, comprobación que as persoas solicitantes aceptan de xeito expreso.

EMPRESAS CON FORMA XURÍDICA MERCANTIL DO SECTOR DA HOSTALERÍA OU OUTRAS PEQUENAS EMPRESAS QUE VISEN AFECTADA A ACTIVIDADE NOS SEUS NEGOCIOS:

- DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante.
- Acreditación da representación da empresa.
- CIF da empresa.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875






Concello de Gondomar

- Documento que reflicta o código CNAE que corresponda.
- Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Seguridade Social.
- Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Certificación de estar ao día das súas obrigas co Concello de Gondomar.
- Certificado de domicilio fiscal.
- Licenza de actividade municipal ou comunicación previa de actividade.
- Certificado de existencia de conta bancaria.
- Declaración xurada (Anexo III) que conterá os seguintes apartados:
 1. Que coñece e acepta integramente o contido das bases desta convocatoria, cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen.
 2. Que actúa en representación legal dunha empresa adicada o sector da hostalería nun dos epígrafes que recollen estas bases ou no eido do pequeno comercio na listaxe CNAE segundo do o anexo I).
 3. Que, dende a entrada en vigor das ordes da Consellería de Sanidade do 4 de novembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 223- bis, 04/11/2020) e/ou a Orde do 19 de xaneiro de 2021 pola que se modifica a Orde de 3 de decembro 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº11-Bis do 19/01/2021), procedeu ao peche temporal ou a modificación da súa actividade habitual do negocio do negocio ao que representa.
 4. Que dito negocio atópase situado en Gondomar.
 5. Que solicita a achega directa da axuda que lle corresponde segundo os tramos establecidos nestas bases.
 6. Que a empresa non está incursoa en ningunha das circunstancias que prohiben obter a condición de persoa beneficiaria segundo o establecido nesta orde.
 7. Que a empresa manterá a súa actividade, por un mínimo de tres meses dende a recepción desta subvención.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

8. Que comunicará de forma oficial ao Concello de Gondomar calquera modificación nos apartados anteriores.


O Concello comprobará de oficio a inexistencia de débedas con esta administración local, así como a existencia de licenza municipal ou comunicación previa de actividade, comprobación que as persoas solicitantes aceptan de xeito expreso.

TAXISTAS CON LICENCIA MUNICIPAL E DOMICILIO FISCAL DO VEHÍCULO EN GONDOMAR:

- DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante.
- Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Seguridade Social.
- Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Certificación de estar ao día das súas obrigas co Concello de Gondomar.
- Titularidade da licenza municipal do Concello de Gondomar.
- Vida laboral.
- Certificado de existencia de conta bancaria.
- Declaración xurada (Anexo IV) que conterá os seguintes apartados:
 1. Que coñece e acepta integramente o contido das bases desta convocatoria, cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen.
 2. Que perante a Seguridade Social, figura dado/a de alta como autónomo/a taxista.
 3. Que a súa licenza está expedida polo Concello de Gondomar e o vehículo ten o seu domicilio fiscal neste Concello.
 4. Que cumpre coa ordenanza reguladora do servizo de taxis do Concello de Gondomar e co Regulamento da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, autorizando expresamente ao Concello de Gondomar a consultar o estado da súa licenza e expediente a través da información facilitada pola Unidade de Servizos Xerais.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

5. Que solicita a achega directa da axuda que lle corresponde segundo o establecido nestas bases.
6. Que non está incurso/a en ningunha das circunstancias que prohiben obter a condición de persoa beneficiaria segundo o establecido nestas bases e, especialmente, que non ten ningún expediente sancionador aberto.
7. Que manterá a alta no seu réxime de Seguridade Social, por un mínimo de tres meses dende a recepción desta subvención.
8. Que comunicará de forma oficial ao Concello de Gondomar calquera modificación nos apartados anteriores.

O Concello comprobará de oficio a inexistencia de débedas con esta administración local, así como a existencia de licenza municipal, comprobación que as persoas solicitantes aceptan de xeito expreso.

A mera presentación da solicitude suporá que a persoa solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.

7. EMENDA DAS SOLICITUDES


A Comisión de Valoración, unha vez recibida a totalidade das solicitudes, comprobará se a documentación presentada reúne os requisitos esixidos nesta convocatoria e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, requirirá a persoa interesada para que nun prazo de 10 días naturais dende o día seguinte á da recepción da notificación emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará a persoa ou entidade interesada desistida da súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da antedita lei.

8. OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

Son obrigas das persoas beneficiarias das subvencións as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, en especial as seguintes:

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar


1. As empresas beneficiarias da axuda deberán manter a actividade empresarial durante un tempo mínimo de tres meses desde a concesión da subvención.
2. As persoas traballadoras autónomas beneficiarias da axuda deberán manter a alta no RETA durante un tempo mínimo de tres meses desde a concesión da subvención.
3. As persoas traballadoras con licenza de taxi beneficiarias desta axuda deberán manter a alta no RETA durante un tempo mínimo de tres meses desde a concesión da subvención.
4. Todas as persoas beneficiarias (físicas e xurídicas), deberán estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin con este Concello, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención o que se acreditará coa declaración responsable.
5. Todas as persoas beneficiarias (físicas e xurídicas), deberán comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
6. Todas as persoas beneficiarias (físicas e xurídicas), deberán someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que poderá efectuar o Concello de Gondomar e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
7. Todas as persoas beneficiarias (físicas e xurídicas), deberán proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos casos previstos nesta convocatoria.
8. Todas as persoas beneficiarias estarán suxeitas a aquelas outras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle á Alcaldía e a valoración das solicitudes corresponderalle á Comisión de Valoración, que estará constituída do seguinte xeito:

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

- Presidente: Alcalde
- Vogais (4): Concelleira de Comercio e Dinamización Económica, Secretario, Interventora y Tesoureira municipal.
- Secretaria da comisión: AEDL

Todas e cada unha das persoas integrantes desta comisión poderán ser substituídas polas persoas que determine a Alcaldía.

O procedemento de concesión das axudas e subvencións recollidas nesta convocatoria é non competitivo e axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e pola finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

A concesión das axudas realizarase mediante a comprobación da concorrencia na persoa ou entidade solicitante dos requisitos sinalados nesta orde ata o esgotamento do crédito.

10. RESOLUCIÓN E RECURSOS

1. O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a Alcaldía, previa proposta da Comisión de Valoración, sen prexuízo das delegacións efectuadas na Xunta de Goberno Local.
2. A resolución de concesión emitirase atendendo á documentación presentada e ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude, subscrita polo persoa que a realiza, baixo a súa responsabilidade e coas repercusións que ten a súa falsidade reguladas na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
3. O prazo máximo para resolver e notificar é de 2 meses, que se computarán desde a data de peche do prazo de presentación de solicitudes no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e, contra elas, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
5. No suposto de esgotamento do crédito, e de acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante resolución da Alcaldía publicarase o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra co texto íntegro da resolución denegatoria por esgotamento de crédito, con indicación de que a dita resolución esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpor recurso contencioso-administrativo ou poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición.

11.FORMA DE PAGAMENTO

O aboamento das subvencións reguladas nesta orde realizarase polo cen por cento do importe da axuda concedida, mediante ingreso na conta corrente da que se achegue certificado bancario no momento da solicitude.

12.DEVOLUCIÓN VOLUNTARIA DAS SUBVENCiónS

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta que indicará o Departamento de Intervención e/ou Tesourería, en concepto de devolución voluntaria da subvención.
2. En todo caso, a persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

13. SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN

O Concello de Gondomar, polos medios que estime oportunos e conforme á normativa en materia de subvencións, comprobará o cumprimento a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo as cales se concedeu a subvención.

14. PERDA DO DEREITO AS AXUDAS, REINTEGRO E REXIME SANCIONADOR

1. Procederá a perda do dereito ao cobramento das axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Procederá o reintegro no suposto de non estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, así como de ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou deste Concello, con anterioridade a ditarse a proposta de pagamento da subvención.
3. A obtención, falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impedisen, dará lugar á perda do dereito ao cobramento da totalidade da axuda e ao seu reintegro. Esta circunstancia é constitutiva dunha infracción moi grave, segundo o artigo 53.a) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e poderanse impoñer as sancións, recollidas no artigo 61.1 da mesma lei, de multa pecuniaria proporcional do dobre á tripla da cantidade indebidamente obtida.

15. TRATAMENTO DOS DATOS

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaición legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico emprego@concellodegondomar.gal

Infórmaselle do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es)


Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, as persoas interesadas poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos mesmos en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

DISPOSICIÓNS FINAIS

1. En todo aquilo non previsto nas presentes bases estarase ao establecido nas disposicións legais vixentes aplicables na materia de subvencións.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

2. A Alcaldía do Concello de Gondomar no ámbito das súas competencias e como Presidente da Comisión de Valoración, poderá ditar as instrucións necesarias para o desenvolvemento desta convocatoria.
3. Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Portal de Transparencia, páxina web e taboleiro de anuncios do Concello de Gondomar.

O ALCALDE

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

ANEXO I

LISTAXE DE CNAES QUE SERÁN TIDOS EN CONTA PARA AS SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A AXUDAR ÁOS SECTORES DA HOSTALERÍA, DO TAXI, E OUTRAS PEQUENAS EMPRESAS AFECTADAS ANTE A CRISE ECONÓMICOS DA COVID-19

476º- Comercio ao por menor de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados

4761º- Comercio ao por menor de libros en establecementos especializados

4764º- Comercio ao por menor de artigos deportivos en establecementos especializados

4765º- Comercio ao por menor de xogos e xoguetes en establecementos especializados

477º- Comercio ao por menor de outros artigos en establecementos especializados

4771º- Comercio al por menor de prendas de vestir en establecementos especializados

4772º- Comercio al por menor de calzado e artigos de coiro en establecementos especializados

4775º- Comercio al por menor de produtos cosméticos e hixiénicos en establecementos especializados

4776º- Comercio al por menor de flores, plantas, sementes, fertilizantes, animais de compañía e alimentos para os mesmos en establecementos especializados

4777º- Comercio al por menor de artigos de relojería e xoias en establecementos especializados

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

ANEXO II

AXUDAS MUNICIPAIS POLA COVID-19

ANEXO II : AUTÓNOMOS/AS DO SECTOR DA HOSTALERÍA E OUTRAS PEQUENAS EMPRESAS DO COMERCIO LOCAL

DON/A: _____

D.N.I. : _____

ENDEREZO: _____

TELÉFONO DE CONTACTO: _____

ANTE A CONVOCATORIA DUNHA LIÑA DE AXUDAS DIRIXIDAS AOS/AS AUTÓNOMOS/AS DO SECTOR DA HOSTALERÍA E OUTRAS PEQUENAS EMPRESAS DE COMERCIO LOCAL QUE PECHASEN OU VISEN TRUNCADA TEMPORALMENTE A SÚA ACTIVIDADE POLA ENTRADA EN VIGOR DA ORDEN DA CONSELLERÍA DE SANIDADE DO 4 DE NOVEMBRO DE 2020 E DO 19 DE XANEIRO DE 2021, QUE ESTABECE MEDIDAS DE PREVENCIÓN ESPECÍFICAS COMO CONSECUCIA DA EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA DERIVADA DO COVID-19 NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (DOG 223-BIS, 04/11/20 E DOG Nº 11- BIS DO 19/1/2021) POLO PRESENTE ESCRITO

DECLARO:

1. QUE COÑEZO E ACEPTO INTEGRAMENTE O CONTIDO DAS BASES DESTA CONVOCATORIA, CUMPRINDO A TOTALIDADE DE REQUISITOS QUE NELAS SE RECOLLEN.
2. QUE PERANTE A SEGURIDADE SOCIAL, FIGURO DADO/A DE ALTA COMO AUTÓNOMO/A, NUN DOS EPÍGRAFES QUE RECOLLEN ESTAS BASES.
3. QUE, DENDE A ENTRADA EN VIGOR DA ORDE DA CONSELLERÍA DE SANIDADE DO 4 DE NOVEMBRO DE 2020 POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE PREVENCIÓN ESPECÍFICAS COMO CONSECUCIA DA EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA DERIVADA DA COVID-19 NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (DOG 223-BIS 04/11/2020), PROCEDÍN AO PECHE TEMPORAL OU VIUSE TRUNCADA A ACTIVIDADE TEMPORALMENTE DO MEU NEGOCIO.
4. QUE DITO NEGOCIO ATÓPASE SITUADA EN GONDOMAR.
5. QUE, EN FUNCIÓN DAS CARACTERÍSTICAS DO MEU NEGOCIO, CORRESPÓNDEME O SEGUINTE TRAMO DE AXUDA:

| AXUDA | SOLICITADA (MARQUE) |
|--|---------------------|
| AXUDA DIRECTA DE 1.000,00€(ATA 250m2 DE SUPERFICIE) | |
| AXUDA DIRECTA DE 1.200,00€ (MAIS DE 250m2 DE SUPERFICIE) | |

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

| | |
|-------------------------------------|--|
| AXUDA DIRECTA DE 300,00€ (COMERCIO) | |
|-------------------------------------|--|

6. QUE NON ESTOU INCURSO EN NINGUNHA DAS CIRCUNSTANCIAS QUE PROHIBEN OBTEN A CONDICIÓ DE PERSOA BENEFICIARIA SEGUNDO O ESTABLECIDO NESTAS BASES.
7. QUE MANTEREI A ALTA NO RÉXIME DA SEGURIDADE SOCIAL, POR UN MÍNIMO DE TRES MESES DENDE A RECEPCIÓN DESTA SUBVENCIÓN.
8. QUE COMUNICAREI DE FORMA OFICIAL AO CONCELLO DE GONDOMAR CALQUERA MODIFICACIÓN NOS APARTADOS ANTERIORES.

VISTO ESTES ANTECEDENTES, É POLO QUE

SOLICITO:

- QUE SE TEÑA POR PRESENTADA ESTA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

DATA: _____

ASINADO: _____

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

ANEXO III

AXUDAS MUNICIPAIS POLA COVID-19

ANEXO III: EMPRESAS DO SECTOR DA HOSTALERÍA E OUTRAS PEQUENAS EMPRESAS DO COMERCIO LOCAL

DON/A: _____

D.N.I. : _____

ENDEREZO: _____

TELÉFONO DE CONTACTO: _____

ANTE A CONVOCATORIA DUNHA LIÑA DE AXUDAS DIRIXIDAS A EMPRESAS DO SECTOR DA HOSTALERÍA E OUTRAS PEQUENAS EMPRESAS DE COMERCIO LOCAL QUE PECHASEN OU VISEN TRUNCADA TEMPORALMENTE A SÚA ACTIVIDADE POLA ENTRADA EN VIGOR DA ORDEN DA CONSELLERÍA DE SANIDADE DO 4 DE NOVEMBRO DE 2020 E DO 19 DE XANEIRO DE 2021, QUE ESTABECE MEDIDAS DE PREVENCIÓN ESPECÍFICAS COMO CONSECUENCIA DA EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA DERIVADA DO COVID-19 NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (DOG 223-BIS, 04/11/20 E DOG Nº 11- BIS DO 19/1/2021) POLO PRESENTE ESCRITO

DECLARO:

1. QUE COÑEZO E ACEPTO INTEGRAMENTE O CONTIDO DAS BASES DESTA CONVOCATORIA, CUMPRINDO A TOTALIDADE DE REQUISITOS QUE NELAS SE RECOLLEN.
2. QUE PERANTE A SEGURIDADE SOCIAL, FIGURO DADO/A DE ALTA COMO EMPRESA, NUN DOS EPÍGRAFES QUE RECOLLEN ESTAS BASES.
3. QUE, DENDE A ENTRADA EN VIGOR DA ORDE DA CONSELLERÍA DE SANIDADE DO 4 DE NOVEMBRO DE 2020 POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE PREVENCIÓN ESPECÍFICAS COMO CONSECUENCIA DA EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA DERIVADA DA COVID-19 NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (DOG 223-BIS 04/11/2020), PROCEDÍN AO PECHE TEMPORAL OU VIUSE TRUNCADA A ACTIVIDADE TEMPORALMENTE DO MIÑA EMPRESA.
4. QUE DITA EMPRESA ATÓPASE SITUADA EN GONDOMAR.
5. QUE, EN FUNCIÓN DAS CARACTERÍSTICAS DA MIÑA EMPRESA, CORRESPÓNDEME O SEGUINTE TRAMO DE AXUDA:

| AXUDA | SOLICITADA (MARQUE) |
|--|---------------------|
| AXUDA DIRECTA DE 1.000,00€(ATA 250m2 DE SUPERFICIE) | |
| AXUDA DIRECTA DE 1.200,00€ (MAIS DE 250m2 DE SUPERFICIE) | |
| AXUDA DIRECTA DE 300,00€ (COMERCIO) | |

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

6. QUE NON ESTOU INCURSO EN NINGUA DAS CIRCUNSTANCIAS QUE PROHIBEN OBTENIR A CONDICIÓN DE PERSOA BENEFICIARIA SEGUNDO O ESTABLECIDO NESTAS BASES.
7. QUE MANTEREI A ALTA NO RÉXIME DA SEGURIDADE SOCIAL, POR UN MÍNIMO DE TRES MESES DENDE A RECEPCIÓN DESTA SUBVENCIÓN.
8. QUE COMUNICAREI DE FORMA OFICIAL AO CONCELLO DE GONDOMAR CALQUERA MODIFICACIÓN NOS APARTADOS ANTERIORES.

VISTO ESTES ANTECEDENTES, É POLO QUE

SOLICITO:

- QUE SE TEÑA POR PRESENTADA ESTA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

DATA: _____

ASINADO: _____

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

ANEXO IV

AXUDAS MUNICIPAIS POLA COVID-19

ANEXO IV : AUTÓNOMOS/AS DO SECTOR DO AUTOTAXI

DON/A: _____

D.N.I. : _____

ENDEREZO: _____

TELÉFONO DE CONTACTO: _____

ANTE A CONVOCATORIA DUNHA LIÑA DE AXUDAS DIRIXIDAS AOS/ÁS AUTÓNOMOS/AS DO SECTOR DO AUTOTAXI CON LICENZA MUNICIPAL EN GONDOMAR, POLA PERDA DE INGRESOS PROVOCADA POLA COVID-19, POLO PRESENTE ESCRITO

DECLARO:

9. QUE COÑEZO E ACEPTO INTEGRAMENTE O CONTIDO DAS BASES DESTA CONVOCATORIA, CUMPRINDO A TOTALIDADE DE REQUISITOS QUE NELAS SE RECOLLEN.
10. QUE PERANTE A SEGURIDADE SOCIAL, FIGURO DADO/A DE ALTA COMO AUTÓNOMO/A TAXISTA.
11. QUE A MIÑA LICENZA E AUTORIZACIÓN INTERURBANA ESTÁN EXPEDIDAS POLO CONCELLO DE GONDOMAR E O DOMICILIO FISCAL DO VEHÍCULO É GONDOMAR.
12. QUE CUMPRO COA ORDENANZA REGULADORA E REGULAMENTO DO SERVIZO DE TAXI NO CONCELLO DE GONDOMAR DA LEI 7/85 DO 2 DE ABRIL DE TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSOAS EN VEHÍCULOS DE TURISMO DE GALICIA, AUTORIZANDO EXPRESAMENTE AO CONCELLO DE GONDOMAR A CONSULTAR O ESTADO DA MIÑA LICENZA E EXPEDIENTE A TRAVÉS DA INFORMACIÓN FACILITADA POLA UNIDAD DE SERVIZOS XERAIS.
13. QUE SOLICITO A AXUDA DE 100,00€ ESTABLECIDA NESTAS BASES.
14. QUE NON ESTOU INCURSO EN NINGUHA DAS CIRCUNSTANCIAS QUE PROHIBEN OBTENIR A CONDICIÓN DE PERSOA BENEFICIARIA SEGUNDO O ESTABLECIDO NESTAS BASES E, ESPECIALMENTE, QUE NON TEÑO NINGÚN EXPEDIENTE SANCIONADOR ABERTO.
15. QUE MANTEREI A ALTA NO RÉXIME DA SEGURIDADE SOCIAL, POR UN MÍNIMO DE TRES MESES DENDE A RECEPCIÓN DESTA SUBVENCIÓN.
16. QUE COMUNICAREI DE FORMA OFICIAL AO CONCELLO DE GONDOMAR CALQUERA MODIFICACIÓN NOS APARTADOS ANTERIORES.

VISTO ESTES ANTECEDENTES, É POLO QUE

SOLICITO:

- QUE SE TEÑA POR PRESENTADA ESTA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

DATA E SINATURA: _____

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875

